

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 16, 29-33

Naquel tempo, dixéronlle os discípulos a Xesús:

– «Mira, agora falas claro, sen andar con voltas. Agora sabemos que o coñeces todo, e non precisas que ninguén che pregunte: por iso cremos que saíches de Deus.»

Xesús respondeulles:

– «¿Agora credes? Mirade, vai chegar a hora, e velaí, en que vos espallaredes cada un pola súa banda, e a min deixarédesme só. Aínda que eu non estou só, pois está comigo o Pai.

Díxenvos estas cousas para que teñades paz grazas a min. No mundo habedes ter apuros; pero tede ánimo: eu vencín o mundo.»